

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 16 de novembro de 2017

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Yolanda Bouzas Alfonsín.
José Luis Sampedro Bouzas.
José Pedro Cambón Fernández.
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do xoves 16 de novembro de 2017, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Pola alcaldía se sinala que existe un erro na orde do día no punto 10º no que figura: Aceptación de cesión de terreo, debendo figurar: Recoñecemento de parcela segregada como de titularidade municipal.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 25 de outubro de 2017.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Licenza de primeira ocupaci3n.
- 5º.- Licenzas de obra maior.
- 6º.- Licenza de segregaci3n.
- 7º.- Licenzas de vado permanente.
- 8º.- Autorizaci3n para carga e descarga.
- 9º.- Prezo p3blico pola asistencia aos obradoiros de Nadal do ano 2017.
- 10º.- Recoñecemento de parcela segregada como de titularidade municipal

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 25 DE OUTUBRO DE 2017.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 25 de outubro de 2017.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por CARMEN CARNOTA NIMO, con domicilio no Outeiro 9, Os Ánxeles, na que comunica que vai construír un peche con postes e arame, no Outeiro 9, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase dentro da delimitaci3n do solo clasificado como solo de n3cleo rural da zona leste en 3rea consolidada pola edificaci3n, s3ndolle de aplicaci3n a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condici3ns:

- O peche ter3 unha altura m3xima total de 1,80 m. con arame medidos sobre a rasante natural do terreo.
- Na parte que linda co vial p3blico afastarase como m3nimo a 4 m do eixe.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JESUS GOMEZ BARREIRO, con domicilio en Souto 1, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras para colocar unha fosa séptica para eliminar o pozo negro existente en Souto 1, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a fosa garde as seguintes distancias:

- 5 m. aos lindeiros.
- 2 m. á edificación principal.
- 25 m. a calquera pozo de captación de auga.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DELFINA VILLAVARDE MATA, con domicilio na Telleira 6, Bastavales, na que comunica que vai realizar obras de reparación da cuberta da vivenda da Telleira 6, Bastavales, substituíndo as tellas existentes por outras novas, nunha superficie de 290 m².

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN BAAMEIRO OTERO, con domicilio en Buio 7, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de pintado e substitución das fiestras da vivenda de Buio 7, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo rural (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN JOSE FEAS VAZQUEZ, con domicilio en Urbanización Monte Balado 36, 2ºC, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar obras de reforma do baño e pintado do piso da Urbanización Monte Balado 36, 2ºC, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALVARO VAZQUEZ ARUFE, con domicilio en Avda. de Bilbao 2, 5ºA, Santiago de Compostela, na que comunica que vai realizar obras de limpeza e encintado dun muro de mampostería de pedra e colocación dun enreixado metálico de 1 m de altura de cor verde sobre o muro de mampostería existente, na parcela con referencia catastral 5136608NH2453N0001DG, en Cabanas, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Non se modificará a altura do muro de pedra.

- A altura máxima do muro non poderá ser superior a 1,80 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JULIO RUIZ JIMENEZ YAÑEZ, con domicilio en Avda da Mahía 17 baixo, Ames, na que comunica que vai construír un peche de 91,35 metros, con maia metálica, ata unha altura de 1,50 m., polo vento sur da parcela con referencia catastral 6531404NH2463S0001JR, en Guisande, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O peche no seu encontro perpendicular coa vía pública será colocado como mínimo de 5,5 m. do eixo do vial.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SONIA RODRIGUEZ PAZOS, con domicilio en Rúa Regata Cutty Sark 15, 1º D, A Coruña, na que comunica que vai encintar o muro de pedra existente, de 30 m. de lonxitude por 2 m. de alto, en Osebe 5, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Non se desmontará nin se aumentará a altura do muro.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ERNESTO MONTES ALVITE, con domicilio en Guisande 44, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar a cuberta, as paredes exteriores e interiores e ampliar o portal do establo de Guisande 44, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural, sendo de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Roberto Riveiro Recarey, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO BLOQUES 7-8, Os Ánxeles, con domicilio na Rúa da Hedras 2, 2ºH, Bertamiráns, Ames, na que comunica que van realizar obras de limpeza dos canalóns dos edificios da Urb. Monte Balado 28, 30, 32 e 34, Os Ánxeles. Trátase de obras de escasa entidade destinadas a garantir as condicións de estanquidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

k) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS BALNEARIO DO TREMO BLOQUE C, con domicilio na Avd. da Mahía 60, 1ºA, Bertamiráns, Ames, na que comunica que van

realizar obras para substituír os canalóns e baixantes de desaugue dos edificios situados na Urb. Balneario do Tremo 9, 10, 11 e 12, Os Ánxeles. Trátase de obras de escasa entidade destinadas a garantir as condicións de estanquidade que non afectan á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela sobre a que se pretenden realizar as obras atópase dentro do ámbito do solo clasificado polo PXOM como solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por José Antonio Fernández Amaro, que di actuar en representación de UNION FENOSA DISTRIBUCION S.A, con domicilio en Avda. de Arteixo 171, A Coruña, na que solicita licenza para obras de subministro de enerxía eléctrica, mediante rede de baixa tensión aérea e subterránea, desde o centro de transformación ata a CPM do petionario, nunha lonxitude de 18 metros, en Cirro, San Salvador, segundo proxecto asinado polo enxeñeiro industrial Miguel Ángel Bernal López (visado 20172463, do 02.10.2017).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 100,00 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por VICTOR MANUEL REY TUBIO, con domicilio en Cirro 31, San Salvador, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Cirro 31, San Salvador.

Con data 23/02/2016 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a Víctor Manuel Rey Tubio e a Ángeles Conde Vidal, para construír a vivenda unifamiliar.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra dos arquitectos Alfonso Salgado Suárez e Francisco Xavier Liñares Tüñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/04/2017, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRAS MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por FRANCISCO JAVIER IGLESIAS VILLAR, con domicilio en Lugar de Costoia 29, Ames, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar e piscina, en Reboredo Grande 12, Bastavales, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/06/2017 e documentación complementaria visada o 25/10/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 6624868NH2462S0001TP) atópase dentro da área de solo de núcleo rural para áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echeverría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/06/2017 e documentación complementaria visada o 25/10/2017.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 96 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 15 de novembro de 2017.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA ROSA RIAL FERNANDEZ, con domicilio en Rúa Teresa Fabeiro Caamaño 10- 3ºM, Negreira, para construír unha vivenda unifamiliar e unha edificación auxiliar en Guitiande 53, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/10/2017.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7350355NH2475S0000HK) atópase dentro da área de solo urbano séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 24/10/2017.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que a interesada deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARIA DOLORES ALVAREZ GONZALEZ, con domicilio en Estrar 44, Os Ánxeles, na que solicita licenza de segregación segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña - Pontevedra), visado núm. 516/17.

Descrición da parcela matriz:

Parcela 641.

Referencia catastral: 7037608NH2473N0000TX.

Superficie: 1510 m².

Clasificación urbanística: Ten dúas: solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1) e solo rústico de recursos hídricos, séndolle de aplicación o réxime establecido pola Lei 2/2016 do solo de Galicia, para o solo rústico de protección de augas, de acordo co disposto na súa disposición transitoria primeira, apartado 2.d).

Lindes:

Norte: Parcelas segregadas 641-1 e 641-2 e camiño construído polo Servizo Nacional de Concentración Parcelaria, e zona excluída.

Sur: Carmen Benítez Ruibal (625) e Lourdes Gómez Vilanova e outros (624).

Leste: Ruperto Rivas Lesta (640).

Oeste: Parcela 641-2 e José Bello Fariña (642).

Segregación pretendida:

Parcela segregada 641(solo de núcleo rural).

Superficie: 550 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural na zona leste, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (NRL-1).

Lindes:

Norte: Camiño construído polo Servizo Nacional de Concentración Parcelaria e zona excluída.

Sur: Parcela rústica resultante desta segregación.

Leste: Ruperto Rivas Lesta (640).

Oeste: Parcela 641-2.

Sobre esta parcela aséntase unha vivenda unifamiliar.

Resto da parcela de orixe (solo rústico de protección de augas).

Superficie: 960 m².

Clasificación urbanística: Solo rústico de protección de augas.

Lindes:

Norte: Parcelas segregadas 641-1 e 641-2 e parcela de solo de núcleo rural resultante desta segregación (641).

Sur: Carmen Benítez Ruibal (625) e Lourdes Gómez Vilanova e outros (624).

Leste: Ruperto Rivas Lesta (640).

Oeste: José Bello Fariña (642).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables á declaración de innecesariedade de licenza de segregación, emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, declarar a innecesariedade de licenza de segregación consonte co disposto no art.150.6.c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SÉTIMO.- LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Berdullas Coello, que di actuar en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DEVESA DA GANDARA GARAXES B, con domicilio na Avd. Rosalía de Castro 62, baixo, Milladoiro, Ames, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe dos edificios da Rúa Inxerido 1, 3 e 5, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por María Berdullas Coello, que di actuar en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DEVESA DA GANDARA GARAXES A, con domicilio na Avd. Rosalía de Castro 62, baixo, Milladoiro, Ames, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe dos edificios da Rúa Inxerido 2 e 4, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

OITAVO.- AUTORIZACIÓN PARA CARGA E DESCARGA.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JUAN MANUEL LOPEZ SANCHEZ, con domicilio en Avda dos Ánxeles 43, local C, Os Ánxeles, na que solicita que se lle autorice unha zona de carga e descarga no fronte ao local comercial que posúe na Avd. dos Ánxeles 43, local C, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, acorda por unanimidade conceder a autorización para reservar o espazo para carga e descarga de 9,00 a 11,30 horas, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xírananse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

NOVENO.- PREZO PÚBLICO POLA ASISTENCIA AOS OBRADOIROS DE NADAL DO ANO 2017.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos obradoiros de Nadal do ano 2017, programados para decembro de 2017 e xaneiro de 2018.

Vistos o informe técnico do 06.11.2017 e o informe de intervención do 15.11.2017.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos polos servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia aos obradoiros de Nadal do ano 2017, de acordo coas seguintes tarifas:

- Prezo público primeiro irmán.....20,00 €/semana.
- Prezo público segundo irmán.....10,00 €/semana.
- Prezo público terceiro irmán e seguintes.....0,00 €

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

DÉCIMO.- RECOÑECEMENTO DE PARCELA SEGREGADA COMO DE TITULARIDADE MUNICIPAL.

Visto o acordo adoptado na Xunta de Goberno Local do 14.09.2017, que transcrito di:

“” SÉTIMO.- AUTORIZACIÓN DE SEGREGACIÓN.

Visto o proxecto de segregación confeccionado pola arquitecta municipal para segregar a porción de terreo de titularidade municipal incluída dentro da parcela nº 822 de concentración parcelaria de Bastavales, que se corresponde coas referencias catastrais 7102619NH2470S0001OE e 7102620NH2470S0001FE, e sobre a cal a Xunta de Goberno Local o 11/04/2017 concedeu licenza de segregación a Manuel Gosende Rivas e a Ana María Gosende Rivas.

O obxecto do proxecto é segregar a porción de titularidade municipal na que se atopa a Fonte e Lavadoiro do Souto de Coruxido (incluída no Inventario municipal do concello co núm. 1.320.814), erroneamente incluída dentro da parcela núm. 822 da concentración parcelaria de Bastavales.

Descrición da parcela matriz:

Finca 822 do plano de concentración parcelaria de Bastavales.

Referencias catastrais: 7102619NH2470S0001OE e 7102620NH2470S0001FE

Superficie rexistral: 7.618 m².

Superficie segundo medición recente: 7.618 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural consolidado pola edificación (NRL-1).

Lindes:

Norte: parcela 821 de Manuel Gosende Cornes.

Sur: Camiño, José Lens Lens (823) e Camilo Calviño López (824).

Leste: Camiño.

Oeste: zona excluída.

Segregación pretendida:

Parcela A

Referencia catastral: 7102619NH2470S0001OE

Superficie catastral: 7.213 m².

Superficie medición recente: 7.568 m².

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-1).

Lindes:

Norte: Manuel Gosende Cornes (821).

Sur: camiño, José Lens Lens (823), Camilo Calviño López e parcela B.

Leste: camiño.

Oeste: zona excluída.

Parcela B

Incluída no Inventario municipal do Concello de Brión co núm. 1.320.814.

Referencia catastral: 7102620NH2470S0001FE.

Superficie catastral: 60 m².

Superficie segundo medición recente: 50 m².

Lindes:

Norte: parcela A.

Sur: camiño.

Leste: parcela A.

Oeste: parcela A.

Edificación existente: Fonte e Lavadoiro do Souto de Coruxido, incluído no Inventario municipal do Concello de Brión co nº 1.320.814, coa seguinte descrición:

“ Lindes: norte, leste e oeste, Marina Rivas Golán; sur, camiño. Fonte de pedra moi antiga. O lavadoiro ten unhas dimensións de 4x4m. A auga nace no lugar. Desauga, para regadío, na finca de Marina Rivas.

No ano 2006 a través do programa de “Fomento do Emprego 2006” acondicionáronse o lavadoiro coa: reparación de pavimentos, limpeza e reparación da fonte, cubrir a cuberta con tella e pintar e impermeabilizar o vaso do lavadoiro.

Referencia catastral: 7102620NH2470S0001FE”

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, autorizar a segregación referenciada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.””

Visto o informe do asesor xurídico urbanístico do concello do 15.11.2017 onde se sinala que en relación coa segregación sinalada a vista do manifestado polo interesado e conforme ás conversas mantidas co Rexistro da Propiedade con esta asesoría, resulta que por erro nos planos de concentración parcelaria de Bastavales, se incluíu como formando parte da parcela do petionario a superficie do lavadoiro público denominado Fonde e lavadoiro do Souto de Coruxido, precisando a constancia desta circunstancia a regularización rexistral da parcela.

Este erro xustificou que a Xunta de Goberno Local en sesión do 14.09.2017 acordara a segregación da finca de titularidade municipal da finca matriz núm. 822 da concentración parcelaria de Bastavales, titularidade de Manuel Gonsende Rivas para separar as titularidades públicas e privadas dos terreos, esixindo o Rexistro da Propiedade a constancia de conformidade municipal coa segregación e recoñecemento da titularidade pública da porción segregada.

A Xunta de Goberno Local consonte co informe sinalado, por unanimidade, acorda:

1º) Que aos efectos da regularización rexistral da parcela se recoñece que a parcela segregada de 50 m2 descrita como Fonte e lavadoiro do Souto de Coruxido é de titularidade municipal figurando como ben de dominio e uso público municipal no inventario de bens municipais.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,50 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González